REGLAMENTO CARREIRA CONTRA O CANCRO

MONFORTE DE LEMOS

1. **ORGANIZA:**
   Asociación Española Contra o Cancro en Lugo.

2. **LUGAR, DÍA E HORA DO EVENTO DEPORTIVO:**
   PRAZA COMPAÑÍA en Monforte de Lemos.
   Domingo 26 de novembro de 2023 a partires das 12:00 horas.

3. **INFORMACIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS PERCORRIDOS:**
   - Percorridos pechados ao tráfico.
   - Todos os percorridos estarán debidamente sinalizados.
   - *Non se poderá acompañar aos participantes nin correndo, nin en bici, nin de ningún outro xeito.
   - O percorrido será o seguinte:

   - A carreira ten **saída e chegada en Praza Compañía / Paraza dos Escolapios**.

4. **INSCRICIÓN E PREZOS:**

Prazo de inscrición online aberto ata o venres 24 de novembro ás 23:59 horas. Posibilidade de inscrición presencial en sede local, a semana do 20 ao 24 de novembro de 11:00 a 13:00 horas (rúa Ricardo Quiroga, s/n, bajo local nº4, Monforte) e o sábado 25 de novembro (na rúa Cardenal en Monforte, de 16:00 a 18:00 horas).

- O prezo da inscrición máis a camiseta é de 10€.
- Posibilidade de realizar unha inscrición solidaria (sen posibilidade de participar). Esta inscrición é para aquelas personas que non poden asistir ao evento, pero queren axudar cun donativo para a asociación.

Haberá inscrición o día da carreira cun custo de 10€ con dereito a camiseta ata agotar existencias. Farase nas carpas habilitadas na Praza Compañía en horario de 10:00 a 11:30 horas.

5. **RECOLLIDA DE DORSAIS:**

A entrega de dorsais realizarase o sábado 25 de novembro, nunha mesa en rúa Cardenal, en horario de 16:00 a 18:00 horas, e o propio día do evento, domingo 26 de novembro, en Praza Compañía, en horario de 10:00 a 11:30 horas.

6. **TROFEOS E AGASALLOS DA CARREIRA:**

Primeiro, segundo e terceiro premio para cada categoría (masculina e femenina). Entregaranse trofeos.

7. **OUTRAS DISPOSICIÓNS:**

- Poderán participar atletas federados en non federados.
- Se se é propietario do chip amarelo débese competir con el.
- É obrigatorio levar o dorsal no peito.
- En caso de alugar o chip, tras indicalo na inscrición, É OBRIGATORIO DEVOLVELO AO REMATAR A CARREIRA.
- Todos os participantes, coa súa inscrición, aceptan integramente o presente regulamento e autorizan á Organización para poder facer uso das imaxes do evento.